

Asunto: Informe da Secretaría Xeral Técnica

Norma tramitada: Proxecto de Decreto polo que se regula o mercado de ovos (códigos de procedemento MR401B, MR401C, MR401D, MR401E, MR401F, MR401G).

Esta Secretaría Xeral Técnica, en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto e estrutura

Este decreto ten por obxecto o desenvolvemento do Real decreto 1027/2024 do 8 de outubro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa da Unión Europea e da comercialización de ovos e a habilitación dos correspondentes procedementos.

O proxecto de Decreto estrutúrase en tres capítulos, vinte e oito artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición derogatoria, dúas disposicións derradeiras e seis anexos.

2. Marco normativo e competencial

O marco normativo está conformado polo Regulamento Delegado (UE) 2023/2465 da Comisión, do 17 de agosto de 2023, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no



que se refire ás normas de comercialización dos ovos, e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 589/2008 da Comisión, e o Regulamento de Execución (UE) 2023/2466 da Comisión, do 17 de agosto de 2023, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ás normas de comercialización dos ovos.

A nivel estatal, o Real decreto 1027/2024, do 8 de outubro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa da Unión Europea de comercialización de ovos, establece un novo marco xurídico nesta materia, adaptando a normativa estatal ás disposicións comunitarias. Este Real decreto contempla unha serie de previsións en materia de marcaxe de ovos, de réxime de autorizacións para o mercado e as excepcións e uns sistemas de control que esixen que no ámbito autonómico se regule esta materia atendendo a todas as novidades lexislativas producidas nos últimos anos.

Polo demais, e no que se refire á competencia, de conformidade co disposto no Estatuto de autonomía de Galicia, o artigo 30 establece que de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeneral e a política monetaria do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma galega, nos termos do disposto nos artigos trinta e oito, cento trinta e un e cento corenta e nove, un, once e trece, da Constitución a competencia exclusiva nas materias de agricultura e gandería.

O órgano competente para a aprobación do proxecto é o Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 4.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co disposto no artigo 34.5 da antedita Lei 1/1983 e dos artigos 37, 38, 39 e 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, e tendo en conta o disposto no artigo 1 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

3. Tramitación

O proxecto de Decreto tramítase de conformidade co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De conformidade co artigo 41.2 da Lei 16/2010, foi obxecto de publicación no portal de transparencia a consulta pública previa sobre o anteproxecto. Consta certificación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de data 12/02/2025.



O expediente relativo ao proxecto de Decreto polo que se regula o mercado de ovos está integrado pola seguinte documentación:

- Acordo previo para a elaboración do anteproxecto asinado pola Conselleira do Medio Rural de data 24/01/2025.
- Memoria xustificativa aprobada polo director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria de data 14/02/2025
- Informe da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico de data 19/02/2025

De conformidade co artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, a persoa titular da Consellería do Medio Rural acordou a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto en data 25/02/2025.

O texto foi publicado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, en cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e nos artigos 41 e 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Na fase intermedia da tramitación, foi sometido aos seguintes trámites:

- Informe de impacto de xénero da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade de data 31/03/2025.
- Informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda de data 31/03/2025.
- Informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio e Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de data 09/04/2025.

Así mesmo, obra no expediente unha informe sobre a modificación da natureza da norma, adoptando a forma de decreto e conservando os trámites efectuados sobre o proxecto de orde.

En cumprimento do artigo 8 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico foi informado pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en data 13.05.2025



Así mesmo, o expediente remítese ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 6 de agosto de 2025.

De acordo co artigo 14 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e co artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto de Decreto deberá someterse ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 43.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a aprobación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Decreto polo que se regula o mercado de ovos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral técnico

Jorge Atán Castro